



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 118 · Xoves, 25 maio 2017

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Decreto 15.05.2017, de adhesión ao "Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o cofinanciamento da subministración de licenzas dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos 2017/2018" (varios concellos)	2
Anuncio de data 8 de maio de 2017 polo que a Deputación asume a competencia delegada nela polo Concello de Boborás (recadación executiva da taxa polo abastecemento, depuración, saneamento e demais conceptos do ciclo da auga)	2
Anuncio de data 8 de maio de 2017 polo que a Deputación asume a competencia delegada nela polo Concello de Vilamartín de Valdeorras (recadación de multas coercitivas e custas xudiciais)	3
Anuncio de data 8 de maio de 2017 polo que a Deputación asume a competencia delegada nela polo Concello de Trasmiras (recadación de gastos derivados de execucións forzosas de actos administrativos)	3

IV. ENTIDADES LOCAIS

Avión	
Exposición pública da aprobación inicial da conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio económico de 2016	4
Barbadás	
Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo de niños empresariais sitos no Centro empresarial transfronteirizo do Concello de Barbadás	4
Bola (A)	
Aprobación das Bases para a ampliación da bolsa de emprego de auxiliares para o servizo de axuda no fogar, como persoal laboral temporal	13
Exposición pública da aprobación inicial da conta xeral correspondente ao exercicio 2016	13
Castro Caldelas	
Bases para a selección e posterior contratación dun/dunha traballador/a como condutor/a de máquina rozadora baixo a modalidade de contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado cunha duración de cinco meses	14
Merca (A)	
Exposición pública da aprobación inicial da conta xeral correspondente ao exercicio 2016	14
Ourense	
Consello Municipal de Deportes	
Resolución do Consello Municipal de Deportes de convocatoria de subvencións para o ano 2017 en materia deportiva	14
Peroxa (A)	
Exposición pública da aprobación inicial da conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio do ano 2016	15
San Cibrao das Viñas	
Exposición pública da aprobación inicial da conta xeral correspondente ao exercicio económico de 2016	15
Verín	
Aprobación definitiva das tarifas de servizos de transporte urbano con vehículos autotaxi. Expediente: 911/2017	16

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Decreto 15.05.2017, de adhesión al "Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes para la cofinanciación de la suministración de licencias de un sistema integral de gestión electrónica de procedimientos administrativos 2017/2018" (varios ayuntamientos)	2
Anuncio de fecha 8 de mayo de 2017 por el que la Diputación asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Boborás (recadación ejecutiva de la tasa por el abastecimiento, depuración, saneamiento y demás conceptos del ciclo del agua)	2
Anuncio de fecha 8 de mayo de 2017 por el que la Diputación asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras (recadación de multas coercitivas y costas judiciales)	3
Anuncio de fecha 8 de mayo de 2017 por el que la Diputación asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Trasmiras (recadación de gastos derivados de ejecuciones forzosas de actos administrativos)	4

IV. ENTIDADES LOCALES

Avión	
Exposición pública de la aprobación inicial de la cuenta general correspondiente al ejercicio económico de 2016	4
Barbadás	
Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Niños Empresariales sitos en el Centro Empresarial Transfronterizo del Ayuntamiento de Barbadás	9
Bola (A)	
Aprobación de las Bases para la Ampliación de la Bolsa de Empleo de Auxiliares para el Servicio de Ayuda a Domicilio, como Personal Laboral Temporal	13
Exposición pública de la aprobación inicial de la cuenta general correspondiente al ejercicio 2016	13
Castro Caldelas	
Bases para la selección y posterior contratación de un/a trabajador/a como conductor/a de máquina desbrozadora bajo la modalidad de contrato laboral temporal por obra o servicio determinado con una duración de cinco meses	14
Merca (A)	
Exposición pública de la aprobación inicial de la cuenta general correspondiente al ejercicio 2016	14
Ourense	
Consejo Municipal de Deportes	
Resolución del Consejo Municipal de Deportes de convocatoria de subvenciones para el año 2017 en materia deportiva	15
Peroxa (A)	
Exposición pública de la aprobación inicial de la cuenta general del presupuesto correspondiente al ejercicio del año 2016	15
San Cibrao das Viñas	
Exposición pública de la aprobación inicial de la cuenta general correspondiente al ejercicio económico de 2016	16
Verín	
Aprobación definitiva de las tarifas de servicios de transporte urbano con vehículos autotaxi. Expediente: 911/2017	16



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase a resolución da Presidencia sobre concellos adheridos ao “Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o cofinanciamento da subministración de licenzas dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos 2017/2018”, co seguinte teor literal:

“Decreto: Ourense, 15 de maio de 2017

Vistas as solicitudes de adhesión ao “Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o cofinanciamento da subministración de licenzas dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos 2017/2018” -cuxas bases reguladoras foron aprobadas pola Corporación Provincial na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2017 e publicadas definitivamente no BOP n.º 83, do 10 de abril de 2017-, tendo en conta o informe favorable do Servizo de Investimentos e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico, acordei aprobar a adhesión ao “Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o cofinanciamento da subministración de licenzas dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos 2017/2018”, dos concellos que seguidamente se relacionan, cos importes que se especifican para cada un deles:

Nome do beneficiario; Prezo da licenza; Achega da Deputación; Achega do Concello

Concello do Bolo; 12.100,00€; 10.890,00€; 1.210,00 €

Concello de Calvos de Randín; 12.100,00€; 10.890,00€; 1.210,00 €

Concello de Gomesende; 12.100,00€; 10.890,00€; 1.210,00 €
Concello de San Xoán de Río; 12.100,00€; 10.890,00€; 1.210,00 €

Esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos, ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Ourense, 15 de maio de 2017. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

Para los efectos oportunos, se hace pública la resolución de la presidencia sobre ayuntamientos adheridos al “Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes para la cofinanciación de la suministación de licencias de un sistema integral de gestión electrónica de procedimientos administrativos 2017/2018”, con el siguiente texto literal:

“Decreto: Ourense, 15 de mayo de 2017

Vistas las solicitudes de adhesión al “Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes para la cofinanciación de la suministación de licencias de un sistema integral de gestión electrónica de procedimientos administrativos 2017/2018” -cuyas bases reguladoras fueron aprobadas por la Corporación Provincial en la sesión ordinaria de 31 de marzo de 2017 y publicadas definitivamente en el BOP n.º 83, de 10 de abril de 2017-, teniendo en cuenta el informe favorable del Servicio de Inversiones y en el uso de las atribuciones que me confiere el ordenamiento jurídico, he

acordado aprobar la adhesión al “Programa provincial de cooperación con los ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes para la cofinanciación de la suministación de licencias de un sistema integral de gestión electrónica de procedimientos administrativos 2017/2018”, de los ayuntamientos que seguidamente se relacionan, con los importes que se especifican para cada uno de ellos:

Nombre del beneficiario; Precio de la licencia; Aportación de la Diputación; Aportación del Ayuntamiento

Ayuntamiento de O Bolo; 12.100,00 €; 10.890,00 €; 1.210,00 €
Ayuntamiento de Calvos de Randín; 12.100,00 €; 10.890,00 €; 1.210,00 €

Ayuntamiento de Gomesende; 12.100,00 €; 10.890,00 €; 1.210,00 €

Ayuntamiento de San Xoán de Río; 12.100,00 €; 10.890,00 €; 1.210,00 €

Esta publicación substituirá a la notificación individual para todos los efectos, al amparo de lo establecido en el artículo 45.1.b) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre.

Ourense, 15 de mayo de 2017. El presidente.

Fdo. José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.527

Deputación Provincial de Ourense

Resolución da Presidencia

Anuncio de data 8 de maio de 2017 polo que a Deputación asume a competencia delegada nela polo Concello de Boborás (recadación executiva da taxa polo abastecemento, depuración, saneamento e demais conceptos do ciclo da auga)

De conformidade co disposto nos artigos 7 do RD lexislativo 2/2004 e 106.3º da Lei 7/1985, e cumprindo o que acordou a Corporación Provincial na sesión do día 28 de abril de 2017, faise público que a Deputación Provincial de Ourense asume a competencia delegada nela polo Concello de Boborás (recadación executiva da taxa polo abastecemento, depuración, saneamento e demais conceptos do ciclo da auga, agás o canon da auga que será xestionado por Augas de Galicia) con alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do 30 de marzo de 2017.

A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

Ourense, 8 de maio de 2017. O presidente.

Asdo: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Resolución de Presidencia

Anuncio de fecha 8 de mayo de 2017 por el que la Diputación asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Boborás (recaudación ejecutiva de la tasa por el abastecimiento, depuración, saneamiento y demás conceptos del ciclo del agua)

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 7 del R.D. Legislativo 2/2004 y 106.3º de la Ley 7/1985, y cumpliendo lo que acordó la Corporación Provincial en sesión del día 28 de abril de 2017, se hace público que la Diputación Provincial de Ourense asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Boborás (recaudación ejecutiva de la tasa por el abastecimiento, depuración, saneamiento y demás conceptos del ciclo del agua excepto el canon del agua que será ges-

tionado por Aguas de Galicia) con alcance, contenido, condiciones y vigencia que se establecen en el acuerdo del Pleno de dicho ayuntamiento de 30 de marzo de 2017.

Dicha delegación se regirá por las condiciones generales establecidas por la Diputación Provincial para la delegación de competencias en esta materia.

Ourense, 8 de mayo de 2017. El presidente.

Fdo: José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.541

Deputación Provincial de Ourense

Resolución de Presidencia

Anuncio de data 8 de maio de 2017 polo que a Deputación asume a competencia delegada nela polo Concello de Vilamartín de Valdeorras (recadación de multas coercitivas e custas xudiciais)

De conformidade co disposto nos artigos 7 do RD lexislativo 2/2004 e 106.3º da Lei 7/1985, e cumprindo o que acordou a Corporación Provincial na sesión do día 28 de abril de 2017, faise público que a Deputación Provincial de Ourense asume a competencia delegada nela polo Concello de Vilamartín de Valdeorras (recadación de multas coercitivas e custas xudiciais) nas condicións xerais establecidas e que se detallan no anuncio publicado por esta Corporación no DOG do día 19.09.1994.

A este respecto, enténdese que as facultades delegadas se limitan aos procesos para a recadación executiva dos ditos conceptos. Neste sentido, as custas xudiciais son fixadas polo órgano xudicial competente, e as multas coercitivas son impostas polo propio concello, limitándose a Deputación a xestionar a súa recadación executiva pero non a súa liquidación, que debe realizarse polos órganos sinalados. Por outra parte, e pola súa propia natureza con respecto a estes ingresos, non cabe levar a cabo actuacións de inspección.

Corresponderalle á Deputación ditar a totalidade de actos administrativos do procedemento executivo, incluíndo a resolución dos recursos contra os ditos actos.

Esta delegación terá carácter indefinido ata a súa revogación polo Concello de Vilamartín de Valdeorras.

A data de inicio de efectos desta delegación e o prazo da súa vixencia axustaranse ás normas que ten establecidas esta Deputación.

Ourense, 8 de maio de 2017. O presidente.

Asdo: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Resolución de Presidencia

Anuncio de fecha 8 de mayo de 2017 por el que la Diputación asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras (recadación de multas coercitivas y costas judiciales)

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 7 del R.D. Legislativo 2/2004 y 106.3º de la Ley 7/1985, y cumpliendo lo que acordó la Corporación Provincial en sesión del día 28 de abril de 2017, se hace público que la Diputación Provincial de Ourense asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras (recadación de multas coercitivas y costas judiciales) en las condiciones generales establecidas y que se detallan en el anuncio publicado por esta Corporación en el DOG del día 19.09.1994.

A este respecto, se entiende que las facultades delegadas se limitan a los procesos para la recaudación ejecutiva de dichos conceptos. En este sentido, las costas judiciales son fijadas por el órgano judicial competente, y las multas coercitivas son impuestas por el propio Ayuntamiento, limitándose la Diputación a gestionar su recaudación ejecutiva pero no su liquidación, que debe realizarse por los órganos señalados. Por otra parte, y por su propia naturaleza con respecto a estos ingresos, no cabe llevar a cabo actuaciones de inspección.

Le corresponderá a la Diputación dictar la totalidad de actos administrativos del procedimiento ejecutivo, incluyendo la resolución de los recursos contra dichos actos.

La presente delegación tendrá carácter indefinido hasta su revocación por el Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras.

La fecha de inicio de efectos de esta delegación y el plazo de su vigencia se ajustarán a las normas que tiene establecidas esta Diputación.

Ourense, 8 de mayo de 2017. El presidente.

Fdo: José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.540

Deputación Provincial de Ourense

Anuncio de data 8 de maio de 2017 polo que a Deputación asume a competencia delegada nela polo Concello de Trasmiras (recadación de gastos derivados de execucións forzosas de actos administrativos).

De conformidade co disposto no artigo 7 do RD lexislativo 2/2004 e 106.3º da Lei 7/1985, e cumprindo o que acordou a Corporación Provincial, na sesión do día 28 de abril de 2017, publícase que a Deputación Provincial de Ourense asume a competencia delegada nela polo concello de Trasmiras (xestión do cobro en período voluntario e recadación executiva de gastos derivados de execución forzosa de actos administrativos do Concello) nas condicións xerais establecidas e que se detallan no anuncio publicado por esta Corporación no DOG do día 19.09.1994.

En virtude desta delegación, a Deputación xestionará o cobro en voluntaria dos ditos gastos, aprobando as liquidacións correspondentes, procedendo ao seu cobro en vía executiva en caso de impago.

Para o exercicio das funcións delegadas, o Concello deberá remitirlle a Deputación unha certificación na que se relacionen os gastos derivados da execución forzosa. En caso de ser necesario, a Deputación poderá requirir a remisión da copia de expediente municipal correspondente.

A Deputación ditará e notificará os actos administrativos de liquidación conforme coa certificación municipal e cantos actos administrativos sexan necesarios para a xestión do procedemento de recadación executiva, incluíndo a resolución de solicitudes de apazamento e fraccionamento e dos recursos que se poidan interpoñer.

A Deputación percibirá polo exercicio das funcións delegadas as taxas previstas na vixente ordenanza fiscal provincial. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente a taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da ordenanza fiscal.

A presente delegación estará vixente de forma indefinida, sendo revogable por acordo do concello, que deberá comunicarlle á Deputación cunha antelación non inferior a 6 meses.

Ourense, 8 de maio de 2017. O presidente.

Asdo: José Manuel Baltar Blanco.



Diputación Provincial de Ourense

Anuncio de fecha 8 de mayo de 2017 por el que la Diputación asume la competencia delegada en ella por el ayuntamiento de Trasmiras (recaudación de gastos derivados de ejecuciones forzosa de actos administrativos)

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 7 del RD Legislativo 2/2004 y 106.3º de la Ley 7/1985, y cumpliendo lo que acordó la Corporación Provincial, en sesión del día 28 de abril de 2017, se publica que la Diputación Provincial de Ourense asume la competencia delegada en ella por el Ayuntamiento de Trasmiras (gestión del cobro en período voluntario y recaudación ejecutiva de gastos derivados de ejecución forzosa de actos administrativos el ayuntamiento) en las condiciones generales establecidas y que se detallan en el anuncio publicado por esta Corporación en el DOG del día 19.09.1994.

En virtud de esta delegación, la Diputación gestionará el cobro en voluntaria de dichos gastos, aprobando las liquidaciones correspondientes, procediendo a su cobro en vía ejecutiva en caso de impago.

Para el ejercicio de las funciones delegadas, el Ayuntamiento deberá remitir a la Diputación una certificación en la que se relacionen los gastos derivados de la ejecución forzosa. En caso de ser necesario, la Diputación podrá requerir la remisión de la copia del expediente municipal correspondiente.

La Diputación dictará y notificará los actos administrativos de liquidación conforme con la certificación municipal y cuantos actos administrativos sean necesarios para la gestión del procedimiento de recaudación ejecutiva, incluyendo la resolución de solicitudes de aplazamiento y fraccionamiento y de los recursos que se puedan interponer.

La Diputación percibirá por el ejercicio de las funciones delegadas las tasas previstas en la vigente ordenanza fiscal provincial. La Diputación deducirá de la transferencia del importe recaudado la cantidad correspondiente a la tasa liquidada, sin perjuicio de la notificación da dicha liquidación en la forma prevista en el artículo 9 de la ordenanza fiscal.

La presente delegación estará vigente de forma indefinida, siendo revocable por acuerdo del ayuntamiento, que deberá comunicar a la Diputación con una antelación no inferior a 6 meses.

Ourense, 8 de mayo de 2017. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.538

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Avión

Anuncio

Unha vez formulada e rendida a conta xeral do orzamento deste concello, correspondente ao exercicio económico de 2016, exponse ao público na Secretaría desta entidade polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, para os efectos de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes durante o dito prazo de exposición e os oito días seguintes, de conformidade co disposto nos arts. 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 212,3 do real decre-

to legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Avión, 22 de maio de 2017. O alcalde.

Asdo.: Antonio Montero Fernández.

Anuncio

Una vez formulada y rendida la cuenta general del presupuesto de éste Ayuntamiento, correspondiente al ejercicio económico de 2016, se expone al público en la Secretaría de esta entidad por plazo de 15 días hábiles, contados a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el BOP, a los efectos de que los interesados puedan examinarla y formular por escrito los reparos y observaciones que estimen pertinentes durante dicho plazo de exposición y los ocho días siguientes, de conformidad con lo dispuesto en los Arts. 116 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, 212 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia y 212,3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Avión, 22 de mayo de 2017. El alcalde.

Fdo.: Antonio Montero Fernández.

R. 1.557

Barbadás

Anuncio

No Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de febreiro de 2017, aprobouse inicialmente, a Ordenanza reguladora do servizo de niños empresariais sitios no Centro empresarial transfronteirizo do Concello de Barbadás. Unha vez exposta ao público, e resoltas as alegacións presentadas, enténdese definitivamente aprobada, polo que se procede á súa transcripción:

Ordenanza reguladora do servizo de niños empresariais sitios no Centro empresarial transfronteirizo do Concello de Barbadás.

Dítase esta ordenanza reguladora do uso dos servizos que se van a prestar desde o Centro empresarial transfronteirizo do Concello de Barbadás, en exercicio das potestades regulamentarias, de auto-organización e de programación conferidas no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A ordenanza do servizo inscríbese no ámbito de actuación das competencias municipais atribuídas ao Concello polos artigos 25.1 da Lei 7/1985 e 80.1 e 80.2 (letras ou e p) da Lei 5/1997, citadas con anterioridade, para promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

Título preliminar

Artigo 1. Obxecto do Centro empresarial transfronteirizo

É obxecto desta ordenanza regular o funcionamento dos niños empresariais do Centro empresarial transfronteirizo (en diante CET) do Concello de Barbadás, que se erixe como espazo físico de iniciativa pública, cuxo obxecto é facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas ou a viabilidade de empresas xa existentes para a súa posterior inserción no mercado, coa consecuente creación de emprego e riqueza do tecido produtivo do municipio.

Preténdese motivar ao emprendedor/a na creación do seu negocio, fomentando e promovendo investimentos no Concello de Barbadás mediante a implantación de iniciativas empresariais que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico do territorio de Barbadás e da súa área de influencia. Para isto, desde a Concellería de Promoción Económica e Turismo tutelaranse proxectos empresariais, baixo as condicións establecidas nesta ordenanza, e elaborará e desenvolverá programas de actuación encamiñados á consecución dos devanditos obxectivos.

Artigo 2. Localización e natureza xurídica

O CET localízase no número 25 de camiño do Pontón, en Barbadás. O edificio participa do carácter de ben de dominio público, destinado ao servizo público, de acordo co disposto no artigo 4 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.

O edificio conta con:

- Tres despachos (niños) para emprendedores/as, equipados con mobiliario, equipos informáticos e conexións a Internet.
- Un salón de actos con 70 prazas.
- Unha sala de informática dotada de dez ordenadores.
- Cinco oficinas.
- Outros servizos comúns: servizo de limpeza.

Artigo 3. Titularidade do CET

O Concello de Barbadás é o titular do CET.

Correspóndelle ao Concello de Barbadás a competencia exclusiva das funcións de planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento dos servizos que se van prestar no CET.

Para tal efecto, a Alcaldía, concellería ou persoal en que se delegue poderán, en desenvolvemento desta ordenanza, ditar as instrucións que sexan necesarias para o bo funcionamento do CET.

O Concello de Barbadás, no uso das súas potestades, poderá alcanzar acordos ou convenios con entidades públicas e privadas coa finalidade de establecer liñas de colaboración que faciliten e melloren os servizos prestados no CET. Estes acordos poderán favorecer tamén que colectivos específicos poidan ser usuarios dos servizos prestados no CET.

Artigo 4. Servizos que se prestarán no Centro empresarial transfronteirizo

No CET centralízanse os servizos de promoción económica que se realizan no Concello, que será tamén un centro de apoio á creación de novas empresas e ás xa existentes no territorio.

No CET prestaranse os seguintes servizos:

a) Apoio de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles actividades emprendedoras.

b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividades entre os desempregados/as, promotores/as e emprendedores/as, así como institucións colaboradoras.

c) Formación e asesoramento a futuros emprendedores/as en busca da idea empresarial e na concreción da idea dun proxecto de empresa.

d) Apoio técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira, e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

e) Apoio aos/ás promotores/as das empresas, unha vez constituídas, acompañándoos/oas tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos pro-

cesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

f) Cesión de locais aos novos emprendedores/as que inician unha actividade empresarial coa finalidade de facilitar a creación de empresas e de apoialas e asesoralas nos seus primeiros meses de vida. Esta cesión realízase por un período de 12 meses, prorrogables anualmente, sendo o período máximo de ocupación de 36 meses. O tempo computarase desde a efectiva ocupación do niño.

g) Calquera outra que axude á implantación das políticas activas de emprego na súa zona de influencia.

Artigo 5. Dirección dos servizos

Correspóndelle ao Concello de Barbadás dirixir o CET. En virtude deste dereito, correspóndelle:

1. Establecer as normas de utilización dos elementos comúns.

2. Autorización da adecuación do niño ás necesidades particulares dos/as emprendedores/as.

3. Solicitalles información aos/ás emprendedores/as sobre o desenvolvemento do proxecto empresarial.

4. Efectuar, pola súa conta, as operacións de mantemento e conservación necesarias dos elementos comúns, excepto as que deba efectuar o/a emprendedor/a. Para estes efectos, entenderase que teñen o carácter de mantemento e conservación aqueles encamiñados a manter o estado de funcionamento normal dos elementos comúns existentes e as esixidas pola deterioración producida polo tempo.

5. As prerrogativas propias que se derivan da súa titularidade e da potestade de dirección.

Título 1. Utilización e aproveitamento dos niños

Capítulo I: Condicións xerais

Artigo 6. Dos niños

Os niños que se someten ao sistema de autorizacións son tres.

A subministración de auga, calefacción, enerxía eléctrica, a evacuación de augas residuais, o acceso a Internet, así como a limpeza das zonas comúns e espazos que se ceden serán por conta do Concello.

O consumo que se faga de teléfono, fax e fotocopiadora será por conta de quen o utilice.

Artigo 7. Das autorizacións

Os niños do CET utilízanse e apróveitanse baixo un réxime de autorizacións que se axustarán na súa concesión á previa selección dos proxectos empresariais que se interesen pola iniciativa privada.

Artigo 8. Dos beneficiarios/as

Poden beneficiarse dos servizos deste centro aquelas persoas físicas e xurídicas habilitadas legalmente para o exercicio das funcións declaradas que contén cun proxecto empresarial que fose seleccionado pola súa viabilidade.

Este centro está destinado a empresas de nova ou recente creación, considerando, como antigüidade máxima do negocio, un ano. Para estes efectos, tomarase a data de outorgamento da escritura de constitución por parte do correspondente notario, en caso de sociedades, e para persoas físicas a data máis antiga entre o alta no réxime especial de traballadores autónomos e a de alta no IAE.

Quedan excluídas do uso dos niños empresariais, as empresas que non poidan ser consideradas PEMES.

Igualmente quedarán excluídas aquelas actividades e proxectos empresariais que prexudiquen o desenvolvemento normal do centro, a convivencia neste ou que incidan negativamente no medio ambiente (calor, risco de incendios, gases, vibracións, ruidos superiores aos permitidos, luces intensas, malos cheiros,



etcétera) e, en xeral, aqueles cuxa actividade non sexa compatible cos usos que admita o niño.

Capítulo II. Do procedemento para o outorgamento das autorizacións

Artigo 9. Da convocatoria

O Concello articula un sistema de convocatoria permanente, baseado nun proceso aberto de estudo e de adxudicación de espazos.

Artigo 10. Iniciación do proceso

O procedemento de selección iniciarase na data en que se presente, no Rexistro Xeral do Concello de Barbadás, a documentación completa, incluída a solicitude asinada polo/a representante da empresa.

Artigo 11. Documentación esixida

Todo promotor ha de presentar a seguinte documentación:

- Documentos que acrediten a personalidade do/da solicitante:
 - Tratándose de persoas físicas: NIF e alta no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social.
 - Tratándose de persoas xurídicas: CIF, escritura de constitución debidamente inscrita no Rexistro Mercantil e acreditación da representación.
 - Alta no IAE ou xustificación de non ser necesaria.

Plan de empresa asinado polo solicitante.

- Certificación de estar ao corrente de obrigacións tributarias e de seguridade social. Esta certificación pedirase todos os anos durante a vixencia do contrato.

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto.

Poderá demorarse a entrega da alta na Seguridade Social, ou alta no IAE e na escritura de constitución xunto co CIF das empresas que non se atopen constituídas no momento de cursar a solicitude. En todo caso, a dita documentación terá que ser presentada con anterioridade á firma do documento de aceptación de condicións.

Artigo 12. Mellora de solicitude

No caso de que as solicitudes non reúnan os requisitos esixidos, requirirase aos interesados para que, no prazo de 10 días, corrixan ou completen a solicitude, coa advertencia expresa de que, se non o fixesen, se entenderá que desisten dela.

Durante o tempo de estudo dos proxectos poderase esixir cuantos datos se precisen para a correcta valoración dos citados. Non se considerarán imputables ao centro as posibles demoras no proceso producidas pola tardanza na presentación dos datos mencionados.

O silencio administrativo terá efectos desestimatorios da solicitude.

Artigo 13. Concorrenza de solicitudes

Para os efectos de selección, considerarase que unha serie de proxectos concorren na solicitude dunhas instalacións concretas cando se dispoña, no prazo dun mes, da documentación completa de dous ou máis proxectos. Neste caso, o proxecto elixido será o que máis puntos obteña.

Artigo 14. Baremo selectivo

Todos os proxectos que se presenten serán ponderados, considerando os seguintes criterios e puntuación destes:

a) Viabilidade/futuro do proxecto: a puntuación será recollida dos informes de viabilidade e técnicos: ata un máximo de 50 puntos.

b) Tipo de actividade desenvolvida ou prevista: considerarase prioritaria que a actividade principal estea incluída dentro do ámbito do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas de emprego e as súas clases, así como o pro-

cedemento para a súa cualificación e inscrición rexistral: ata un máximo de 25 puntos.

c) Número de empregos que creen e potencial de creación de emprego: ata un máximo de 15 puntos, dando especial relevancia ao fomento de emprego en colectivos desfavorecidos.

d) Que os promotores participen ou vaian participar nalgún programa ou iniciativa promovida polo Concello de Barbadás: ata 10 puntos.

En caso de concorrencia, de producirse un empate entre os proxectos valorados, prevalecerá a puntuación obtida no criterio de viabilidade/futuro de proxecto. Se persiste o empate, atenderase a orde de chegada das solicitudes presentadas.

Considéranse proxectos non viables, e por tanto non aptos para a súa instalación no CET, aqueles que obteñan unha puntuación inferior a 50 puntos.

Artigo 15. Órgano de valoración de proxectos

Para a valoración dos proxectos créase unha Comisión de Valoración constituída por:

- Un/unha técnico/a especializado/a en promoción do emprego e valoración de proxectos, que a presidirá.
- O/a concelleiro/a de promoción económica, como vogal.
- O/a director/a do CET, como vogal.
- Un/unha funcionario/a do Concello de Barbadás, como vogal.

- A secretaria do Concello de Barbadás, ou persoa en quen delegue, que actuará como secretaria, con voz e sen voto.

Esta Comisión de Valoración está facultada para solicitar cantos informes estime convenientes e solicitar dos interesados cantos datos se precisen para a correcta valoración dos proxectos.

Artigo 16. Outorgamento da autorización

Unha vez finalizada a valoración dos proxectos, a Comisión de Valoración elevará proposta de concesión de autorización á Xunta de Goberno Local, para que proceda ao outorgamento desta.

No acto de outorgamento da autorización fixénsense as seguintes cláusulas:

1. Obxecto da licenza con sinalamento do ámbito físico ao que se estende.
2. Actividade empresarial á que se deba destinar.
3. Contía do prezo público polo uso das instalacións referidas.
4. Duración da licenza: que será dun ano prorrogable por períodos anuais ata 36 meses.
5. Importe da garantía que se deberá constituír no prazo de 15 días hábiles desde a notificación da autorización e que será de 450,00 €, en calquera das fórmulas permitidas pola Administración pública, para responder do bo uso das instalacións.

Con posterioridade á constitución da garantía e no prazo máximo de dous meses, contados desde o recibo da notificación da concesión da autorización ao interesado, asinará documento de aceptación de condicións, que servirá tamén de acta de inicio da actividade.

Para que a autorización sexa eficaz débese presentar a póliza de responsabilidade civil á que fai referencia o artigo 21.11 desta ordenanza, antes da firma do documento sinalado no parágrafo anterior.

A non constitución da garantía no prazo indicado, a non subscrición da póliza de responsabilidade civil ou a falta de firma do documento de aceptación das condicións no prazo fixado serán consideradas como renuncia á autorización concedida.

Artigo 17. Listas de espera e activación de solicitudes

Aquelas solicitudes que, aínda superando os 50 puntos, non resulten elixidas por estar os locais ocupados, integrarán a lista de espera á que se recorrerá para posibles vacantes. A validez das solicitudes será dun ano, transcorrido o cal deberá reactivarse mediante nova solicitude.

Capítulo III. Prestacións económicas que retribúen os servizos prestados.

Artigo 18. Prezo público

Pola utilización e aproveitamento dos servizos que preste o organismo autónomo aprobarase o correspondente prezo público, a través do procedemento legalmente establecido.

Regularase igualmente a forma de cobro.

Artigo 19. Demora no pago do prezo público

As cotas liquidadas e vencidas que non fosen satisfeitas serán recadadas mediante procedemento de constrinximento coa recarga correspondente, de acordo co Regulamento xeral de recadación. Será causa de revogación da autorización a falta de aboamento do prezo público.

Capítulo IV. Obrigacións do Concello e do titular das autorizacións

Artigo 20. Obrigacións do Concello

Os deberes que o Concello contrae fronte aos titulares da autorización son os que nesta ordenanza se determinaron e que se centran na cesión do uso do local e o mantemento durante a súa vixencia, sempre que non exista causa de revogación, así como a prestación dos servizos comúns que se determinaron.

Artigo 21. Obrigacións do/a empresario/a

1. Exercer por si mesmo/a a actividade empresarial para a que se cedeu o niño, quedando expresamente prohibido arrendar, subarrendar ou ceder por calquera título parte ou totalidade do local.

2. Satisfacer, pola súa exclusiva conta, as cargas, impostos e gravames que pesen sobre a actividade que se vai desenvolver.

3. Satisfacer as cotas obrigatorias da Seguridade Social do persoal da empresa.

4. Poñer a disposición do Concello as listas correspondentes ao persoal empregado na actividade.

5. Poñer, así mesmo, a disposición do Concello canta documentación contable e administrativa lle sexa requirida.

6. Repoñer os materiais ou infraestruturas que resulten danados.

7. Permitir a execución das obras de reparación, conservación ou mellora que ordene o Concello, así como a limpeza do niño.

8. Consentir a visita de inspección que se ordene, a fin de comprobar o uso que se fai das dependencias obxecto do aproveitamento.

9. Devolver o niño obxecto de autorización no momento da súa extinción nas mesmas condicións de uso en que foi recibido. Será responsable o empresario do uso negligente ou abusivo que se realizase.

10. Todos os usuarios están obrigados a clasificar os seus residuos e a depositalos separadamente nos colectores específicos e a realizar, pola súa conta, contratos de recollidas de residuos especiais con empresas homologadas. Todos os danos causados a terceiros pola evacuación dos produtos que se deriven da actividade industrial serán de responsabilidade exclusiva do/a empresario/a.

11. Subscribir desde o inicio do exercicio da actividade industrial unha póliza de responsabilidade civil fronte a terceiros e fronte ao CET con contía indemnizatoria por sinistro. Se a contía dos danos excedese da cobertura do seguro, o exceso será

soportado polo/a empresario/a. Anualmente o/a empresario/a estará obrigado/a a presentarlle ao organismo autónomo unha copia da póliza de responsabilidade civil, así como xustificante de pago da prima correspondente.

12. Entregar todos os anos de vixencia do contrato do niño a certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.

Artigo 22. Prohibicións

Prohíbeselle ao/á empresario/a, baixo sanción de revogación da autorización:

1. Subrogar, arrendar ou ceder por calquera título, total ou parcialmente, o dereito de uso ou utilización daquelas dependencias obxecto da autorización concedida.

2. Introducir no niño maquinaria, ou elementos técnicos ou instalación de potencia eléctrica que non se axuste á actividade permitida e ás características técnicas do inmovible.

3. Realizar calquera tipo de obras, salvo as autorizadas expresamente e por escrito, incluídas a pintura, decoración ou rótulos que afecten aos niños.

4. A inactividade da industria ou o negocio durante tres meses ou a non utilización do niño polo mesmo tempo.

Artigo 23. Da perda da autorización

Serán causas da perda da autorización, ademais do transcurso do prazo da súa duración, as seguintes:

1. Ter solicitado a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, acharse declarado/a en concurso, estar suxeito/a a intervención xudicial ou ser inhabilitado/a conforme á Lei concursal sen que se concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. A extinción da personalidade da sociedade ou do empresario individual, excepto a sucesión hereditaria neste último caso.

2. O incumprimento das obrigacións impostas ao/á empresario/a no artigo 21.

3. A falta de pagamento das tarifas de dereitos públicos vencidas e constrinxidas, de conformidade co Regulamento xeral de recadación.

4. O incumprimento das normas de xeral aceptación no que atinxe á conveniencia e demais incumprimentos que impidan ou menoscaben o normal funcionamento do CET.

5. Excepto nos supostos a que se refire o punto primeiro deste artigo, nos demais casos, o/a empresario/a perderá o fondo de garantía.

6. Non estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.

Artigo 24. Dos seus dereitos

A extinción dos dereitos constituídos sobre os bens obxecto de autorización declararase polo Concello, en todo caso, por vía administrativa mediante o exercicio das súas facultades coercitivas previa indemnización ou sen ela, segundo proceda e conforme a dereito.

Incumplido o deber do/a empresario/a de abandonar e deixar libre e baleiro o CET, a disposición do Concello dentro do prazo de 15 días, a partir do feito determinante da perda da autorización, dos bens obxecto da utilización, este ten a potestade de acordar e executar por si mesmo o lanzamento, exercitando a potestade de desafuzamento por vía administrativa.

Título II. Das condicións de convivencia e uso dos bens e servizos do Centro de iniciativas empresariais.

Artigo 25. Horario e calendario de apertura

O horario do CET é de luns a venres, de 8.00 a 21.00 horas.



As instalacións do CET deben permanecer pechadas nas datas sinaladas como festivos no Concello de Barbadás. Non se poden realizar actividades en sábado e domingo.

Autorízase expresamente á Alcaldía ou persoal en quen delegue a:

- Autorizar a realización de actividades fóra do horario e/ou calendario do centro, sempre que este feito se fundamente adecuadamente por parte da persoa solicitante.

- Modificar o horario e calendario do CET, sen que iso teña a consideración de modificación de ordenanza.

Artigo 26. Elementos e servizos comúns

Só estará a disposición das empresas beneficiarias o uso dos espazos fixados na autorización correspondente. Os espazos de uso común só poden ser utilizados, de conformidade coa súa natureza, para o tránsito de persoas e para aquelas finalidades autorizadas expresamente.

A sinalización interna das diferentes empresas realizarase baixo un formato e deseño común fixado polo Concello. Non se poderán colocar carteis sen autorización previa.

As salas de reunión e os servizos comúns poderán ser utilizados por todos/as os/as usuarios/as do CET, con previo aviso suficiente e xustificado. O seu uso farase por rigorosa orde de solicitude, salvo causas xustificadas, debidamente valorada polos responsables do CET.

A utilización de espazos e servizos comúns realizarase atendendo a criterios de racionalidade, en canto a horarios, frecuencia de uso, coidado das instalacións e equipos, etcétera, quedando sempre supeditada ás necesidades do propio Concello.

Artigo 27. Responsabilidade por danos

O Concello de Barbadás non se fai responsable dos danos, prexuízos ou atentados contra a propiedade (incluídos roubos) que se poidan cometer contra os bens, pertenzas ou efectos das empresas.

Tampouco será responsable dos prexuízos/perdas que puidesen sobreír dun mal estado de conservación ou mala utilización das instalacións que se ceden.

Todo usuario do CET ten a obrigaçión de comunicarlle ao Concello calquera avaría ou deficiencia que se produza dentro do recinto e que sexa do seu coñecemento.

O Concello inspeccionará as instalacións, vixiando o cumprimento das obrigaçións derivadas das autorizacións ou das normas contidas neste regulamento, adoptando, en caso de urxencia ou forza maior, as medidas necesarias para reparar os danos que orixinen coa entrada nos locais en ausencia do/a empresario/a, se as circunstancias razoablemente o aconsellasen. Neste último caso, comunicaráselle de forma inmediata ao titular do establecemento.

Artigo 28. Infraccións e sancións

Son infraccións sancionables as accións ou omisións contrarias ás disposicións deste regulamento ou ás condicións da autorización cometidas polo/a empresario/a titular ou persoa vinculada a el/ela.

Serán moi graves as infraccións que supoñan:

1. Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou ao normal desenvolvemento das diferentes actividades.

2. O impedimento do uso dun servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

3. Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.

4. O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

5. Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións ou elementos, sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

As demais infraccións clasificaranse en graves e leves, de acordo cos seguintes apartados:

a) A existencia de intencionalidade.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) A reincidencia, durante un ano, de máis dunha infracción da mesma natureza.

As sancións serán:

- As infraccións leves sancionaranse con multa pecuniaria de ata 50 €.

- As infraccións graves sancionaranse con multa pecuniaria de ata 1500 €.

- As infraccións moi graves sancionaranse con multa pecuniaria de ata 3000 €.

- Ou coa perda da autorización.

Artigo 29. Do procedemento sancionador

O procedemento sancionador axustarase ao disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición final primeira. Primeiro proceso selectivo

Unha vez que entre en vigor esta ordenanza, abrirase un primeiro proceso selectivo de proxectos, concedendo un prazo de 1 mes para a presentación de solicitudes, contado desde o anuncio no BOP.

O procedemento de selección de proxectos regularase de conformidade cos artigos 11 e seguintes desta. Transcorrido ese prazo, abrirase a convocatoria permanente, pero coa advertencia expresa de que terán preferencia as solicitudes no prazo sinalado.

Disposición final segunda. Dereito supletorio.

No non previsto neste regulamento, aplicarase con carácter supletorio a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido de réxime local e Regulamento de bens das corporacións locais aprobado polo RD 1372/1986, do 13 de xuño, e resto das disposicións vixentes en materia de réxime local.

Disposición final terceira. Vixencia.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo disposto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza poderase interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado, un recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional correspondente no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á publicación do texto íntegro.

Barbadás, 10 de maio de 2017.

Datos da empresa solicitante:

Nome ou razón social: ...NIF/CIF: ...

Enderezo social: ... C.P.: ...

Localidade: ...Teléfono: Fax: ...

Forma xurídica: ... Data de constitución: ...

Actividade: ...

Datos do/a promotor/a ou representante legal:

Nome e apelidos: ... NIF/CIF: ...

Enderezo: ...

Localidade: ... C. P.: ...

Teléfono de contacto: ...

Fax: ...

Enderezo electrónico: ...

Expón:

Que, estando interesado/a na ocupación dun local no Centro empresarial transfronteirizo, xunto cos servizos que incorpora e coñecendo as condicións da prestación de servizos, desexa que se proceda ao estudo desta petición, comprometéndose a facilitar cantos datos lle sexan requiridos para a análise do correspondente expediente.

..., ... de ... 20...

(Firma do/a representante legal/promotor/a)

El Pleno de la Corporación, en sesión ordinaria celebrada el día 6 de febrero de 2017, aprobó inicialmente, la Ordenanza reguladora del servicio de nidos empresariales situados en el Centro empresarial transfronterizo del Ayuntamiento de Barbadás. Una vez expuesta al público, y resueltas las alegaciones presentadas, se entiende definitivamente aprobada, por lo que se procede a su transcripción:

Ordenanza Reguladora del Servicio de Nidos Empresariales sitos en el Centro Empresarial Transfronterizo del Ayuntamiento de Barbadás.

